



Concello de Baralla

AXUDAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA DAS PERSOAS PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “VÍA KÜNIG V” DE BARALLA, AS NOGAIS E BECERREÁ.

Primeiro.- Beneficiarios: Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos á contratación as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, as cales desempeñan actividades que están directamente relacionadas coa formación impartida no Obradoiro Dual de Emprego de Baralla, As Nogais e Becerreá, no que se impartiu a formación necesaria para obter o Certificado de Profesionalidade EOCB0108 Fábricas de Albanelaría, que contraten traballadores/as por conta allea para prestar servizos en centros de traballo radicados no ámbito territorial dos Concellos de Baralla, As Nogais e Becerreá.

Segundo.- Obxecto: Os incentivos a contratación temporal por conta allea teñen por finalidade facilitar a empregabilidade e ocupabilidade das persoas participantes no Obradoiro Dual de Emprego VÍA KÜNIG V, financiados a través da convocatoria de 2023 de axudas e subvencións a obradoiros duais de emprego, pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, e promovido polos Concellos de Baralla, As Nogais e Becerreá, sendo neste caso o Concello de Baralla a entidade promotora.

Terceiro.- Bases Reguladoras: As bases completas e os modelos de solicitude están publicados no taboleiros de anuncios da sede electrónica do Concello de Baralla <https://baralla.sedelectronica.es>

Cuarto.- Contía: Os contratos temporais incentivaranse cunha subvención fixa de 1.500 € por cada traballador/a, correspondente a un contrato mínimo de 3 meses a xornada completa.

Quinto.- Prazo de presentación de solicitudes: Quince días naturais (15) contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no BOP de Lugo.

Baralla, 27 de setembro de 2024.- O Alcalde, D. Miguel González Piñeiro.

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 48, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221

